

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE NOVEMBRO DE 2017

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**LIC/454/2017.- INDITEX, S. A.-** Conceder licenza de obras para construción dun hangar no aeroporto de Santiago de Compostela.

**LIC/431/2017.- INDITEX, S. A.-** Conceder licenza de obras para construción dun hangar no aeroporto de Santiago de Compostela.

**LIC/419/2016.- MARÍA PEDROUZO IGLESIAS.-** Conceder licenza de obras para a reforma dunha vivenda sita en lugar de Aradas nº 10.

**LIC/763/2017.- ROBERTO MERA SOUTO.-** Conceder licenza para executar as obras de ampliación dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa do Avío nº 34 A.

**LIC/1562/2015.- JOSÉ FRANCISCO ÁLVAREZ MONTERO.-** Conceder licenza para obras de reforma para cambio de uso de vivenda a hoteleiro na edificación sita na rúa Travesas nº 21.

**2.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á corrección de erro no acordo de data 28/7/2017, de devolución de fianza do Servizo de redacción do proxecto básico, proxecto de execución con instalacións e proxecto de seguridade e saúde para a construción do centro sociocultural de Santa Marta.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á corrección erro no acordo de devolución de fianza no contrato de "Dirección Facultativa das Obras de Construción de Centro Sociocultural en Santa Marta, incluída no FES 2010".** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento do recurso de reposición contra acordo da sesión de 7.7.17, denegatorio dunha exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta da concelleira delegada de Mercados relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e Mercado de Abastos de Santiago Sociedade Cooperativa Galega para dinamización da Praza de Abastos no ano 2017.** Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 10.000 euros.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á resolución de alegacións presentadas por CLECE, SA, e aprobación da liquidación do contrato de Xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS. Acórdase:**

\_Convalidar o cambio das melloras ofertadas pola empresa CLECE polas consensuadas co departamento de Educación. Fíxase en 22.764,51 euros a diferenza a favor do Concello por melloras ofertadas e non executadas.

\_Estimar as alegacións de CLECE no relativo ao material inventariado sen repoñer nin reparar, xa que non consta no expediente valoración detallada deste material

\_Desestimar as alegacións da empresa no que respecta ao custo da limpeza realizada o 31 de agosto de 2016 e no relativo á adscrición ao contrato durante o mes de agosto da coordinadora das escolas, que supón un importe de 579,80 e 2.004 euros respectivamente

\_Realizar os informes pertinentes para determinar a existencia ou non de incumprimentos contractuais atribuíbles á empresa

\_Aprobar a liquidación do contrato que supón un saldo a favor do Concello de 25.348,31 euros, e que deberán ser satisfeitos pola empresa CLECE

**8.- Proposta da concelleira delegada de Deportes dando conta dos criterios xerais para establecer a programación de uso estable para a tempada 2017/18 dos equipamentos deportivos. Apróbase a proposta.**

**9.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á modificación da base 19 da convocatoria para a concesión de bolsas comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (2º ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago, para o curso 2017-2018. Acórdase modificar as bases da convocatoria co obxectivo de ampliar ata o 15 de decembro de 2017 o prazo para presentar as facturas orixinais dos gastos pola adquisición do material escolar.**

**10.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á modificación da base 9 da convocatoria de axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo adaptado ás persoas con déficits de mobilidade, e que non poden ou presentan graves dificultades para o uso do transporte colectivo, do concello de Santiago 2017. Acórdase modificar as bases da convocatoria, co obxectivo de ampliar o período máximo de xustificación das facturas da utilización do servizo público de taxi, que queda fixado desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 15 de decembro de 2017.**

## **URXENCIAS**

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza a Inditex S.A para a construción dun hangar no aeroporto de Santiago. Acórdase conceder a Inditex S.A licenza de obras de construción dun hangar, cunha superficie construída de 2.250,48 metros cadrados para aloxamento de aeronaves. O proxecto ten un orzamento de execución material de 1.113.751,10 euros.**

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza a Inditex S.A para a construción dun hangar no aeroporto de Santiago. Acórdase conceder a Inditex S.A licenza de obras de construción dun hangar, cunha superficie construída de 1.228,83 metros cadrados para aloxamento de aeronaves. O proxecto ten un orzamento de execución material de 491.250,63 euros.**

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza de obras para a reforma dunha vivenda sita no lugar de Aradas, nº 10. Apróbase a proposta.**

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza para executar as obras de ampliación dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa do Avío, nº 34 A. Apróbase a proposta.**

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza para obras de reforma para cambio de uso de vivenda a hoteleiro na edificación sita na rúa Travesa, nº 21. Apróbase a proposta.**

**6.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, relativa á aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo do Proxecto de acondicionamento do río Sar, no tramo de Ponte Suarribas a Ponte da Fervenza. Apróbase a proposta.**

**7.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo para dar conta da sinatura dun convenio entre o Concello de Santiago e COGAMI para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 15.000 euros.**

**8.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Servizo de organización e realización do programa de actividades de educación ambiental, atención ao público e visitas guiadas no Centro de Interpretación do Medio Urbano e Natural de Santiago de Compostela. Apróbase o inicio do expediente de contratación, por procedemento aberto, e cun tipo de licitación de 25.785,37 euros/ano, IVE incluído.**

**9.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente e inicio do procedemento de contratación das Obras de repavimentación da Avenida de Vilagarcía, entre as avenidas de Rosalía de Castro e Romero Donallo. Apróbase o inicio do expediente de contratación das obras, mediante procedemento aberto, e cun tipo de licitación de 496.733,51 euros, IVE incluído.**

**10.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á resolución de novas residencias de creación artística e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas para o curso 2017-2018 do Concello de Santiago. Apróbanse as seguintes residencias na sala Agustín Magán do centro sociocultural de Santa Marta:**

\_Teatro Baluva: do 27 de novembro ao 17 de decembro

\_Kokoharuka: do 18 de decembro ao 5 de xaneiro

\_Proxecto Pank: do 6 de novembro ao 18 de novembro

**11.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á resolución da convocatoria de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro. Apróbase a concesión das subvencións a 33 asociacións veciñais, por un total de 60.024 euros.**

**12.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do convenio de colaboración a asinar entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago para o financiamento de actividades do II Fairway-Forum do Camiño de Santiago 2017. Apróbase o convenio, segundo o cal a Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade cunha achega máxima de 130.000 euros, e Incolsa achegará os 32.500 euros restantes.**

**13.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á prórroga do contrato do Servizo de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais do termo municipal excluído o recinto intramuros. Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa Obras y Viales de Galicia SL polo prazo dun ano, a contar desde o 10 de novembro de 2017. O custo será de 225.000 euros para o Lote I (ámbito do Plan Especial excluído o recinto intramuros), 700.000 euros para o Lote II (ámbito urbano e periurbano excluído o Plan Especial) e 275.000 euros para o Lote III (ámbito rural)**